

**ORDENANZA FISCAL NÚMERO 16  
TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO E SERVICIOS  
COMPLEMENTARIOS**

*ARTIGO 1*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da taxa por servicios de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, monda de pozos negros e limpeza en rúas particulares.

En virtude da normativa da Unión Europea e dado o carácter medio ambiental e hixienico-sanitario do servicio, é de obrigatoria aplicación e ningunha persoa física ou xurídica quedará excluída do servicio, que se axustará en canto á súa utilización a disposicións xerais dictadas por este Concello e ás resolucións e bandos dictados pola Alcaldía.

*ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE*

1.—Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servicio de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliarias e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servicios. Esta nace coa prestación do servicio por te-la condición de obrigatoria e xeral, entendéndose utilizada polo feito de que o Concello o teña establecido.

2.—Para tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detrito procedentes da limpeza normal de locais ou vivenda, e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, cascallos de obras, detrito humano, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou os que a súa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade e que haberán de ser retirados por aquelas persoas ou entidades que os produzan ou depositen e, no caso de non facelo, o servicios deste Concello realizarán á súa costa e sen prexuízo das posibles sancións.

*ARTIGO 3.—SUXEITOS PASIVOS*

1.—Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais sitos en lugares, prazas, rúas e vías públicas no que se preste o servicio, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario, así como propietarios de vivendas ou locais desocupados por temporadas.

2.—Terá a consideración de suxeito pasivo do contribuínte, o propietario da vivenda ou local que porá repercutir, de se-lo caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles beneficiarios do servicio.

*ARTIGO 4.—RESPONSABLES*

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e con alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

*ARTIGO 5.—OBRIGAS*

Os suxeitos pasivos veñen obrigados a face-la separación selectiva regulada pola Normativa competente e ó seu depósito en bolsas perfectamente pechadas, nos contedores.

*ARTIGO 6.—COTA TRIBUTARIA*

1.—A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unha unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles segundo o anexo da presente ordenanza.

2.—As cotas sinaladas na tarifa teñen carácter irreductible e corresponden a 12 meses.

**ARTIGO 7.—DEVENGO**

1.—Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria deste, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliarias, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2.—A taxa se devenga o un de xaneiro de cada ano, e o período impositivo comprenderá o ano natural.

**ARTIGO 8.—LIQUIDACIÓN**

Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta taxa e de conformidade co correspondente padrón aprobado .

**ARTIGO 9º.—BENEFICIOS FISCAIS**

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA**

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 a 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2.004.

**A N E X O**

**PRIMEIRO.** Tarifa:

- 1.—Vivendas: 39 €.
- 2.—Pequenos comercios e industrias: 39 €.
  - Tendas polo miúdo.
  - Pescaderías
  - Carnicerías
  - Cafeterías
  - Froiterías
  - Bares
  - Pequenas industrias artesanais.
  - Oficinas
  - Granxas
  - Pequenos talleres de calquera tipo.
  - Carpinterías
  - Adegas con menos de 20.000 botellas
  - Outros non especificados nesta tarifa.

3.—Outros establecementos:

- Hoteis, moteis, casas de hóspedes, etc.: 78 €.
- Cooperativas: 195 €.
- Adegas, con máis de 20.000 botellas: 195 €.
- Supermercados: 781 €.
- Almacéns por xunto de froitas, verduras, hortalizas, flor, etc.: 195 €.
- Pequenos restaurantes, churrasquerías, casas de comidas, etc.:117 €.
- Restaurantes de máis de 600 m<sup>2</sup>: 781 €.
- Talleres, almacéns, conxelados, etc.: 117 €.

4.—Industrias con nave propia e máis de 3 traballadores: 195 €.

- Oficinas bancarias: 195 €.
- Calquera tipo de establecemento ou industria que polo seu vertido poidan considerarse como especiais: 781 €.

5.—As familias numerosas, que o demostren co documento oficial, e comprendidas no punto 1) desta tarifa, terán unha redución dun 10% sobre ela.

O Rosal, a 9 de decembro de 2003.—O Alcalde en funcións, José Luis Lorenzo Alonso. 9697

**O ROSAL****A N U N C I O**

De conformidade cos artigos 17.3 e 17.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, publicanse os textos íntegros das modificacións das Ordenanzas Fiscais reguladoras da Taxa por recollida de lixo, da Taxa de sumidoiros, e da Taxa por servizos de abastecemento de auga, unha vez rematado o período de exposición pública, sen que se tiveran presentado reclamacións, polo que se entende definitivamente adoptado o acordo.

**1.—MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO.***PRIMEIRO.—TARIFAS*

TARIFAS	CONCEPTO	EUROS
1	Vivendas	40,91 €
2	Pequenos comercios e industrias	40,91 €
	Tendas polo miúdo	
	Pescaderías	
	Carnicerías	
	Cafeterías	
	Froiterías	
	Bares	
	Pequenas industrias artesanais	
	Oficinas	
	Granxas	
	Pequenos talleres de calquera tipo	
	Carpinterías	
	Adegas con menos de 20.000 botellas	
	Outros non especificados nesta tarifa	
3	Outros establecementos	
	Hoteis, moteis, casas de hóspedes	81,82 €
	Cooperativas	204,55 €
	Adegas, con mais de 20.000 botellas	204,55 €
	Supermercados	819,26 €
	Almacéns por xunto de froitas, verduras, hortalizas, flor, etc..	204,55 €
	Pequenos restaurantes, churrasquerías, casas de comidas, etc	122,73 €
	Restaurantes de máis de 600 m <sup>2</sup>	819,26 €
	Talleres, almacéns, conxelados, etc.	122,73 €
	4 Industrias con nave propia e máis de 3 traballadores	204,55 €
	Oficinas bancarias	204,55 €
	Calquera tipo de establecemento ou industria que polo seu vertido poidan considerarse como especiais	819,26 €

As familias numerosas, que o demostren co documento oficial, e comprendidas no punto a) desta tarifa, terán unha redución dun 10% sobre ela.

*Segundo.*—Esta ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

O Rosal, a 6 de febreiro de 2009.—O Alcalde, Jesús María Fernández Portela.